

Acta de Reunión da Comisión Académica do Máster en Big Data

Lugar: Microsoft Teams

Día: 25/03/2022

Hora inicio: 12:00, Hora fin: 12:15h

Asisten:

André Campos Álvarez

Tomás Fernández Pena

Julia González Álvarez

David Losada Carril

Manuel Mucientes Molina

M^a Carmen Palacios Oubiña

Beatriz Pateiro López

Escusan asistencia:

Paula López Martínez

Non asistiron:

Eduardo Sánchez Vila

Orde do día:

1- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (achégase coa convocatoria).

Apróbase por unanimidade.

2- Informe do coordinador.

O coordinador informa dos seguintes puntos:

O 17 de febreiro ás 12:30 tivo lugar a reunión de coordinación do Máster do primeiro cuadrimestre, na que participaron os coordinadores da USC e da UM. Na reunión se analizaron os resultados do primeiro cuadrimestre e a matrícula no Máster.

O 17 de febreiro ás 19:00 tivo lugar a xornada de presentación dos másters, organizada pola USC, con fin de incrementar a captación de estudantes de iberoamérica. O noso Máster participou na presentación.

3- Aprobación de anteproxectos de traballo de fin de máster (achéganse coa convocatoria).

Apróbanse por unanimidade os seguintes anteproxectos:

Daniel Muñoz Xamena. Creación de modelos para predicir o rendemento deportivo de xogadores profesionais de baloncesto. Titores: David Enrique Losada Carril e Manuel González López.

Andrés Campos Cuiña. Plataforma de grafos sobre un Sistema de Gestión de Bases de Datos Relacionais (RDBMS). Titores: José Ramón Ríos Viqueira e Iraitz Montalbán Pontesta.

Mauro Saavedra Golán. Detección de ciberataques mediante a análise de comportamento de usuarios e entidades. Titores: Juan Carlos Vidal Aguiar e Inés Ortega Fernández.

Xabier Pérez Feal. Análise de espectros de 1H-RMN mediante técnicas de aprendizaxe automático ou profundo e simulación de grandes datos de espectros. Titores: Juan Carlos Vidal Aguiar e Juan Carlos Cobas Gómez.

José Antonio Varela Reyes. Generación de características de los establecimientos de compras de usuarios. Titores: Juan Carlos Vidal Aguiar e Óscar Barba Seara.

María Lucía Barrero Lozano. Desarrollo de un motor de recomendación basado en técnicas de Deep Learning. Titores: Eduardo Sánchez Vila e Diego Reiriz Cores.

Lucía Belén González Giaimo. Clasificación de cultivos agrícolas utilizando remote sensing y técnicas de machine learning. Titores: Dora Blanco Heras, Antonio F. Skarmeta Gómez e Aurora González Vidal.

Alejandra Comesaña García. Búsqueda de patrones ocultos en boyas M3i. Titores: Manuel Mucientes Molina e Andrés Pérez Figueroa.

André Campos Álvarez. Análisis y visualización masiva de datos en boyas M3i. Titores: Paulo Félix Lamas e Andrés Pérez Figueroa.

Carolina Cano Cardona. Aplicando Inteligencia artificial en la mejora de la planificación financiera. Titores: Manuel Mucientes Molina e Óscar Barba Seara.

Marco Baleato Domínguez. Aproximación a la detección de anomalías en sensores industriales en tiempo real usando técnicas de analítica avanzada. Titores: David Mera Pérez e Pablo Lombao Vázquez.

4- Aprobación das accións de mellora do curso 2021-2022.

Apróbanse as seguintes accións de mellora:

- AM-MTAD-1
 - **Análise.** No último curso académico aumentouse o número de prazas no Máster a 20. Compre incrementar o número de solicitudes de preinscripción no Máster, para mellorar aínda máis o perfil dos alumnos. No último ano se fixo unha actividade de captación de alumnado no ámbito da USC. O obxectivo deste ano é aumentar a captación de alumnado internacional, concretamente hispanoamericano, xa que o potencial número de alumnos con este perfil é moi elevado.
 - **Descrición.** Aumentar a difusión do Máster ao alumnado de Hispanoamérica.
 - **Tarefa.** Participar na actividade dixital de mercadotecnia internacional que está a desenvolver o Servizo de Captación Internacional da Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional.
 - Realizouse a gravación do vídeo do Máster para participar na actividade de captación internacional. O 17 de febreiro ás 19:00 tivo lugar a xornada de presentación dos másters, organizada pola USC, con fin de incrementar a captación de estudantes de Hispanoamérica. O coordinador do Máster participou en dita xornada e respondeu as preguntas formuladas polos estudantes.
- AM-MTAD-2

- **Análise.** Existe unha demanda crecente por parte dos alumnos de incluír contidos de aprendizaxe profunda (Deep Learning) no Máster. Nos últimos cursos académicos xa se desenvolveron varias accións nesta liña, impartindo seminarios en diferentes materias. Neste curso o obxectivo é impartir contidos de aprendizaxe profunda na materia de Minería de Datos.
- **Descrición.** Impartir contidos de aprendizaxe profunda na materia de Minería de Datos.
- **Tarefa.** Impartir contidos de aprendizaxe profunda na materia de Minería de Datos.
- O responsable da acción é o coordinador do Máster.
- AM-MTAD-3
 - **Análise.** Os coñecementos que teñen os alumnos de doutoramento son moi útiles no desenvolvemento das prácticas das materias do Máster. A participación dos alumnos de doutoramento na docencia práctica permitirá mellorar a calidade da docencia.
 - **Descrición.** Colaboración de alumnos de doutoramento na docencia práctica das materias do Máster.
 - **Tarefa.** Colaboración de alumnos de doutoramento na docencia da materia Tecnoloxías de Xestión de Información non Estructurada.
 - O alumno de doutoramento Marcos Fernández Pichel colaborou na docencia da materia baixo a supervisión do profesor David Losada Carril.
- AM-MTAD-4
 - **Análise.** Debido ao aumento de alumnos no Máster, e ao maior número de propostas de Traballos de Fin de Máster (TFMs) por parte das empresas, o procedemento de asignación de TFM aos alumnos debe ser actualizado para que sexa máis áxil e sinxelo.
 - **Descrición.** Modificación do procedemento para asignación de TFMs
 - **Tarefa.** Modificación do procedemento para asignación de TFMs.
 - Estableceuse o seguinte procedemento para a asignación de TFMs:
 1. Solicitar aos alumnos unha lista priorizada de 3 TFMs mediante un formulario web.
 2. Comunicar a lista de alumnos naqueles TFMs que teñan entrevista ou outro criterio de selección.
 3. Emparellar alumnos/TFMs coas listas priorizadas ou por puntuación de acceso ao Máster se non hai lista.

5- Aprobación do horario e do calendario de exames do curso 2022-23 (achéganse coa convocatoria).
Apróbanse por unanimidade.

6- Rolda aberta de intervencións.
Non houbo.